

LISTAS DE CONTRATACIÓN: DESENVOLVEMENTO DA TRANSITORIA 2ª DECRETO 37/2006

Santiago de Compostela 30/07/2021

Publicada hoxe en DOG a **ORDE do 20 de xullo de 2021** pola que se **desenvolve a disposición transitoria segunda do Decreto 37/2006**, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Esta orde será de aplicación ás listas únicas que se elaboren, ao abeiro da disposición transitoria segunda do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, para a cobertura transitoria de postos reservados a persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico incluídas no artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Exceptúanse desta regulación as listas para a cobertura temporal de postos dos **servizos de prevención e defensa contra incendios forestais** que serán obxecto de ordenación específica.

O prazo de presentación de solicitudes será o establecido nas resolucións de apertura da dirección xeral competente en materia de función pública.